

Xoves, 13 de xullo de 2023

Núm. 135

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GONDOMAR

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS 2023-2027

Anuncio Dedicacións exclusivas e parciais

Por decreto da Alcaldía de 10.07.2023 acordouse resolución cuxa parte dispositiva a continuación se transcribe literalmente:

“Primeiro.- Outorgar as seguintes dedicacións exclusivas por delegacións outorgadas:

1º) Outorgar o réxime de dedicación exclusiva á concelleira DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO pola delegación outorgada en materia de vías e obras, servizos, seguridade, mobilidade e transporte, cunhas retribucións brutas anuais de 32.000,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán nos meses de xuño e decembro.

2º) Outorgar o réxime de dedicación exclusiva á concelleira DONA NURIA LAMEIRO VALVERDE pola delegación outorgada en materia de benestar social, igualdade, sanidade, xuventude e deportes, cunhas retribucións brutas anuais de 32.000,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán nos meses de xuño e decembro.

3º) Outorgar o réxime de dedicación exclusiva á concelleira DONA ROCIO DEOLINDA GOBERNA SOUSA pola delegación outorgada en materia de turismo, mercados, formación, emprego e dinamización económica, cunhas retribucións brutas anuais de 32.000,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán nos meses de xuño e decembro.

4º) Outorgar o réxime de dedicación exclusiva ao concelleiro DON BRAIS MISA GARCIA pola delegación outorgada en materia de medio ambiente, transición ecolóxica e voluntariado, cunhas retribucións brutas anuais de 32.000,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán nos meses de xuño e decembro.

Segundo.- Outorgar a seguinte dedicación parcial no desenvolvemento do cargo coas seguintes características:

Outorgar o réxime de dedicación parcial ao concelleiro DON JOSE MANUEL CHAMORRO GONZALEZ pola delegación outorgada en materia de cultura e innovación, cunhas retribucións brutas anuais de 16.000,00 euros e o 50% da xornada de traballo, divididas en catorce pagas



Xoves, 13 de xullo de 2023

Núm. 135

iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán nos meses de xuño e decembro.

A dedicación mínima do cargo que se exerce con dedicación parcial, en termos porcentuais, fíxase tomando como 100% a dedicación exclusiva do cargo de Tenente Alcalde, sendo esta última equivalente á xornada de traballo do persoal de oficinas ao servizo do Concello de Gondomar. As horas concretas de desempeño da dedicación parcial determinarase pola Alcaldía en función das necesidades da Corporación.

Así mesmo, os concelleiros que desenvolvan os seus cargos con dedicación exclusiva e parcial terán dereito a percibilas indemnizacións por razón do servizo a que se refire a base de execución 27^a, nembargantes, non percibirán indemnización pola asistencia efectiva ás sesión dos órganos colexiados da Corporación.

As percepcións de retribucións polo desenvolvemento de cargos con dedicación exclusiva e parcial serán incompatibles con calquera outra retribución con cargo aos fondos públicos, así como coa derivada do exercicio doutras actividades nos termos sinalados na lei 53/84 de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.”

En Gondomar, 10 de xullo do 2023. O alcalde, Juan Francisco Ferreira González

